

I CONCURSO DE POEMAS ILUSTRADOS E VÍDEOS “DÍA ROSALIA DE CASTRO”

O concello de Pontareas organiza este concurso dedicado ao alumnado de ensino dos centros enclavados dentro do termo municipal coa finalidade de potenciar a creatividade e o coñecemento da obra da xenial poetisa.

O tema dos poemas ilustrados e os vídeos serán os poemas de Rosalía de Castro ou poemas, ou poemas e vídeos dedicados ou composto para a poetisa.

Estas bases serán publicadas na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

Establécense dúas modalidades.

- a) Modalidade poemas ilustrados para os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria.
- b) Modalidade de vídeos para alumnos de ESO, bacharelatos e Ciclos formativos.

TRABALLOS

a) Poemas ilustrados

Os traballos realizaranse de forma individual ou en grupo e empregando a lingua galega.

Os poemas ilustrados poderán elaborarse nas técnicas de debuxo, collage, acuarelas ou similares. Presentaranse en cartulina tamaño a3 ou a4.

Os centros de ensino realizaran unha preselección de tres traballos de cada clase presentada.

Os traballos serán asinados cun pseudónimo.

Cada traballo irá acompañado dun sobre facilitado polo departamento de cultura, dentro figurará unha ficha onde constará o nome e apelidos da alumna ou alumno, título da obra, nome e apelido do pai/ nai/ titor legal e teléfono de contacto.

Persoal do departamento de cultura ou da Biblioteca Municipal recollerá as obras nos centros de ensino o luns 18 de febreiro de 2019.

b) Vídeos “día de Rosalía de Castro” Presentación:

Os traballos realizaranse de forma individual ou por equipos e empregando a lingua galega.

Os vídeos terán unha duración mínima de 1 minuto e máxima de 4 minutos e unha extensión AVI, MP4 ou similar.

Enviaranse antes das 20:00 horas do luns 18 de febreiro de 2019 por e-mail ao enderezo bibliotecamuseo@ponteareas.es baixo pseudónimo e se xuntara outro documento pdf cos datos persoais, DNI, autorización nai/ pai ou titor/a legal no caso de ser menor de idade e teléfono de contacto do autor ou autores.

A concellería de Cultura reservase a propiedade dos traballos presentados e o dereito a difundilos polos medios que considere oportunos. En ningún caso os orixinais serán devoltos.

FALLO DO XURADO

O xurado estará composto pola concelleira de Cultura, Normalización lingüística e turismo do Concello ou en quen delegue, tres persoas representantes da educación, cultura e comunicación e un traballador do departamento de cultura do concello de Ponteareas, que actuará como secretario con voz pero sen voto.

O fallo do xurado será inapelable e farase público o venres 22 de febreiro de 2019 no decurso da gala de homenaxe a Rosalía de Castro que se celebrará no Auditorio Reveriano Soutullo.

PREMIOS

Os premios son os seguintes:

a) Modalidade poemas ilustrados:

1º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 100 euros máis diploma.

2º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 75 euros máis diploma.

3º premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico por valor total de 50 euros máis diploma.

b) Modalidade audiovisual

1º premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico por valor total de 200 euros máis diploma.

2º premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico 150 euros máis diploma.

3º premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico por 100 euros máis diploma.